

Imaxinación non é tan só o soñar esperto dos adultos. Para os nenos é tamén un xeito de coñecer o mundo e medrar. Crear desexos, ideas e posibilidades infinitas lévaos a aprender, permitíndolles expresar os seus sentimentos e preocupacións. Por iso, é moi importante fomentar a súa creatividade dende a máis temprana idade.

Os nenos son aprendices visuais, polo que a arte axuda moito a estimular os dous lados do seu cerebro. Os estudos mostran que os nenos que fan actividades relacionadas coa arte non só son máis creativos, senón que tamén len mellor e obteñen mellores notas en todas as asignaturas. Posto que os nenos aprenden a través dos seus sentidos, a arte é ideal neste proceso, e pode e debe ter a oportunidade de contar cun lugar na escola para se expresar, para gañar autoestima e dar máis atención ao espazo físico en torno a eles. Un ambiente escolar para aprender que a creatividade humana é unha aptitude que todos os individuos teñen para producir novas ideas e solucións.

O programa "CREA!" ten como obxectivo estimular nas aulas viguesas a creatividade como un proceso de presentar un problema á mente con claridade. E a partires de aquí, crear ou inventar unha idea, concepto ou esquema seguindo novas liñas non convencionais.

Precisamente porque dende o Concello de Vigo entendemos que a educación artística e a creatividade son compoñentes cruciais da educación xeral e deben ser recoñecidas polo que son: unha das maiores capacidades do pensamento humano que contribúe a unha experiencia de vida en paralelo coa ciencia e a filosofía, convidamos a toda a comunidade escolar a participar de tan grande ferramenta educativa como é a arte e a súa inseparable creatividade.

Raquel Díaz Vázquez  
Concelleira de Educación



**crea!**  
na escola  
2011/12

III CERTAME DE  
ARTE POSTAL

III CERTAME DE  
BANDA DESEÑADA

III certame de  
Arte Infantil

#### SOLICITUDE

A ficha de participación será enviada a todos os centros de ensino por correo ordinario e tamén se pode baixar de internet no enlace:

[www.vigo.org/cidadania/educacion/programaseducativos/crea/](http://www.vigo.org/cidadania/educacion/programaseducativos/crea/)

Para participar,  
remitir a ficha debidamente cumprimentada ao e-mail:  
[ime@vigo.org](mailto:ime@vigo.org)  
ou tamén por fax no número: 986449379

CONCELLERÍA  
DE  
EDUCACIÓN

ALCALDÍA



# III CERTAME DE ARTE POSTAL

Se queres participar neste Certame só tes que enviarnos unha postal debuxada por ti e que teña relación co tema proposto :

**“O mar de Vigo”**

Date presa, porque coas 12 postais elexidas faremos o calendario da Concellería de Educación do ano 2012.

## Bases:

- Poderán participar todos os alumnos/as de infantil e primaria dos colexios públicos e privados-concertados de Vigo, sempre de xeito individual.
- Cada alumno/a poderá presentar un máximo de 2 postais, en soporte rixido de cartolina ou similar, cun tamaño aproximado de 21 x 15 cm.
- Os traballos que se presenten terán relación co tema proposto: “O mar de Vigo”.
- O conxunto de traballos do colexio serán recollidos polo persoal do programa chamando ó número 986 20 49 48 antes do día 14 de decembro de 2011. Tódos os traballos deben ir identificados no reverso co nome completo, teléfono, curso e colexio.
- Dos traballos recibidos, seleccionaranse unha dúcia daqueles que mellor reflectan o tema proposto segundo as distintas idades, co que se confeccionará o cartel-calendario do ano 2012, ao que se lle dará a máxima difusión nos Centros Educativos, Organismos Oficiais, Asociacións Veciñais,...
- PREMIOS: O premio consistirá nun set de material artístico e un diploma conmemorativo para cada un dos doce gañadores, ademais da edición do calendario.
- Non se devolverán os traballos presentados, salvo desexo expreso dos participantes.

# III CERTAME DE BANDA DESEÑADA

¿Gústache ler cómics? ¿Tentaches facer algún ti mesmo? Pois agora é o momento. Ponte mans á obra e participa no III Certame de Banda Deseñada.

## Bases:

- Poderán participar todos os alumnos/as de primaria e secundaria dos colexios e IES públicos e privados-concertados de Vigo, sempre de xeito individual.
- O tema e a técnica serán libres. Os textos poderán ser en galego ou en castelán. En branco e negro ou cor. Orixinais.
- Formato en DIN A4 (21x29 cm.). A extensión será de 1 páxina mínimo e 4 máximo.
- Haberá dúas categorías:
  - Categoría A: nenos e nenas de Educación Primaria
  - Categoría B: mozos e mozas de Educación Secundaria
- O conxunto de traballos do colexio serán recollidos polo persoal do programa chamando ó número 986 20 49 48 antes do día 4 de maio de 2012. Todos os traballos deben ir identificados no reverso co nome completo, teléfono, curso e colexio ou IES.
- PREMIOS: A entrega de premios realizarase o día 17 de Maio coincidindo co Día das Letras Galegas. O primeiro premio de cada categoría consistirá nun Curso de Cómics de 3 meses de duración e un kit completo de material artístico; haberá tamén 2 accesits por categoría cun premio consistente nun kit de material artístico e un diploma conmemorativo.
- Ás bandas premiadas daráselle difusión entre os centros educativos e verase a posibilidade da súa publicación nos medios de comunicación.



Para participar neste concurso só tes que ter moita creatividade, e plasmala do xeito que mais che guste. Podes concursar cun debuxo, un collage, unha maqueta, un xoguete feito por ti... o único límite é a túa imaxinación, así que, ponte a crear!

## Bases:

- Poderán participar tódos os alumnos/as de educación primaria e secundaria dos colexios e IES públicos e privados-concertados de Vigo, sempre de xeito individual.
- O tema e técnicas serán totalmente libres.
- O conxunto de traballos do colexio ou IES serán recollidos polo persoal do programa chamando ó número 986 20 49 48 antes do día 18 de Xuño de 2012. Tódos os traballos deben ir identificados no reverso co nome completo, teléfono, curso e colexio ou IES.
- PREMIOS: A entrega de premios realizarase o día 29 de Xuño no IME. Haberá 3 primeiros premios:
  - 1º Premio: Bicicleta, set artístico e diploma.
  - 2º Premio: Cabaleta, set artístico e diploma.
  - 3º Premio: Set artístico e diploma.
- Non se devolverán os traballos presentados, salvo desexo expreso dos participantes.

otorgarase un premio especial ao colexio que maior número de traballos presente no conxunto dos tres certames. O premio consistirá nunha serigrafía artística orixinal valorada en 600€!!